

# Astérix e Obélix: A cizaña



Lendo este famoso cómic de René Goscinny y Albert Uderzo o alumando buscará información sobre diferentes pobos que residiron no suloste europeo sobre o séculos 1 e 2 d.c.

Tamén proporán debates sobre os tipos de negociación e os modos de comportamento aceptables nunha sociedade, creando inclusive unha serie de normas de cumprimento que terán que levar a cabo na aula nun referendo, método que terán que comprender e aplicar.

Traballaremos as liñas do tempo e practicaremos facendo unha en line.do un servizo web.

Elaborarán un mapa mental aprendendo a sintetizar e esquematizar información

Finalmente abrirase un debate que teñen que preparar con argumentacións a favor e en contra a través da plataforma Trello e gravarase con edición en directo. Esta gravación será a que entregarán a través da aula virtual no espazo xa creado para esta función.



# Proposta de estándares a traballar

INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.

INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.

INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.

INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.

INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.

INEINB2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.

INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.

INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.

INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.

INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.

INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.

INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.

INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.

INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.

INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.

INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.

INEINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.

INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.

INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.

INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.

INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.

INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.



O traballo destes estándares dependerá do enfoque final que cada docente elixa polo que poden variar. Esta non deixa de ser unha proposta que pode ser adaptada ás necesidades particulares de cada aula, alumnado ou centro.

